



BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE 1 ENXEÑEIRO, ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA/OBRAS PÚBLICAS/FORESTAL, ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, ENXEÑEIRO DE MONTES, ENXEÑEIRO AGRÓNOMO, ENXEÑEIRO FORESTAL OU SIMILARES, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE POL. ESTA CONTRATACIÓN SUBVENCIONARANSE CON CARGO A AXUDA OUTORGADA POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018 - PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO.

PRIMEIRA. Normas xerais.

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal que seguidamente se relaciona, ao abeiro da axuda concedida pola Excma. Deputación Provincial de Lugo ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2018 - Programa fomento do emprego.

Ocupación:

Enxeñeiro, Enxeñeiro Técnico Agrícola/Obras Públicas/Forestal, Enxeñeiro de Camiños, Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Agrónomo, Enxeñeiro Forestal ou similares.

Nº postos: 1

Duración da contratación: límite temporal ata o 30/09/2019.

A selección dos traballadores será mediante anuncio publicado da convocatoria e das bases na páxina web do Concello, www.concellopol.es e da Excma. Deputación Provincial de Lugo e polo sistema de concurso e entrevista.

SEGUNDA. Modalidade do contrato

A modalidade de contrato será a de traballo temporal, segundo o previsto no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido o estatuto dos traballadores (TRET) e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro.

O carácter do contrato é por tanto temporal, respecto ao servizo mencionado anteriormente, cunha duración dende a formalización do contrato ata o 30/09/2019.

TERCEIRA. Obxecto da contratación e funcións do posto de traballo.

O obxectivo principal da contratación dun Enxeñeiro, Enxeñeiro Técnico Agrícola/Obras Públicas/Forestal, Enxeñeiro de Camiños, Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Agrónomo, Enxeñeiro Forestal ou similares, é a de redacción de proxectos, memorias e informes, control e dirección de obras así como asistencia na comprobación e material de inversións e control das actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais no Concello de Pol, todas aquelas que se correspondan co posto de traballo.



CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

CUARTA. Condicións de admisión de aspirantes

Para poder participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

Requisitos xerais:

- a) Ter nacionalidade española. No entanto, teranse en conta os seguintes casos:
 1. A poboación nacional dos demais estados membros da Unión Europea poderá acceder, en idénticas condicións que as persoas de nacionalidade española, á función pública investigadora, docente, de correos, sanitaria de carácter asistencial e aos demais sectores da función pública aos que, segundo o dereito comunitario, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores.
 2. A poboación nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores nos termos en que esta está definida no tratado constitutivo da Unión Europea.
- b) Non estar separada ou separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitada ou inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- c) Ter cumpridos os 18 anos de idade ou ter a idade que a convocatoria estableza como mínima antes de que finalice o prazo de presentación de instancias, e non exceder a idade establecida como máxima para o ingreso.
- d) Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. As persoas que resulten seleccionadas aportarán antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións (a non presentación con levará a perda do posto).
- e) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto regulamentariamente.
- f) Titulación: se exige estar en posesión dun dos seguintes títulos: Enxeñeiro Técnico Agrícola, Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, Enxeñeiro Técnico Forestal, Enxeñeiro de camiños, Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Agrónomo, Enxeñeiro Forestal ou similares.
- g) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.
- h) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de CELGA 3 (ou curso de iniciación nos termos establecidos na disposición adicional 1º da Orde de 16 de xullo de 2007).

Requisitos específicos:

- a) Estar inscrito na Oficina de Emprego en situación de desemprego ou de mellora de emprego para o caso en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior ao 50% da xornada, que deberá acreditarse con certificación da Oficina de Emprego e/ou cun



CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

informe de vida laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Tódolos requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión do solicitante na data de remate de presentación de solicitudes.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados no procedemento de selección.

QUINTA. Forma e prazo de presentación de solicitudes.

A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ao modelo que figura como ANEXO I das presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e dirixirase ao Sr. Alcalde do Concello de Pol, no prazo de 5 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria na páxina web do Concello, www.concellopol.es.

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

- a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente. As/os familiares dos anteriores, visado, e de selo caso, documentación acreditativa do vínculo de parentes cunha declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a/o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.
- b) Permiso de conducir.
- c) Certificación, de ser o caso, acreditativa do grao de discapacidade.
- d) Declaración responsable, asinado pola/o aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separada/o do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que se insire nestas bases como ANEXO II.
No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada pola/o aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- e) Relación segundo a orde que se establece nestas bases, dos méritos que as/os aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido nas bases.
- f) Informe de vida laboral actualizada.
- g) Título CELGA 3.
- h) Título de Enxeñeiro Técnico Agrícola, Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, Enxeñeiro Técnico Forestal, Enxeñeiro de Camiños, Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Agrónomo, Enxeñeiro Forestal ou similares.



CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

- i) Tarxeta de demandante de emprego ou certificación, de ser o caso, expedida polo Servizo Público de Emprego na que se acredite que se atopa en situación de demandante de emprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada.

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral de entrada do Concello de Pol (Lugo), poderanse, así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As/os aspirantes que non presenten as solicitudes no rexistro do Concello de Pol, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir unha comunicación por fax ao Concello de Pol (982345330) ou correo electrónico concello@concellodepol.gal, comunicando a presentación da solicitude co selo de correos ou do rexistro correspondente.

As bases íntegras e a convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Pol e na súa páxina web.

Recoméndase a presentación da documentación acreditativa dos requisitos esixidos, así como dos méritos aportados aos efectos da súa valoración polo Tribunal.

SEXTA. Admisión de aspirantes

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de 3 días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello e na páxina web do Concello de Pol (www.concellopol.es), sinalándose un prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

No caso de non haber excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal, lugar e hora de realización das probas.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa. Nesta mesma resolución sinalarase o lugar e hora de realización da entrevista e a composición do tribunal cualificador.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesadas/os decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do



CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

SÉTIMA. Tribunal cualificador

O tribunal cualificador para Enxeñeiro, Enxeñeiro Técnico Agrícola/Obras Públicas/Forestal, Enxeñeiro de Camiños, Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Agrónomo, Enxeñeiro Forestal ou similares estará constituído por:

- Presidente/a: Un/ha funcionario/a ou persoal laboral pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.
- Secretario/a: o da Corporación ou persoa que faga as súas veces.
- Vogais: Tres funcionarios/as ou persoal laboral pertencentes a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar a os membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nas presentes bases, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

OITAVA. Procedemento de selección

Consistirá en dúas fases:

1. CONCURSO

O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito:

A. EXPERIENCIA PROFESIONAL. Máximo 12 puntos.

- a) Por ter prestados servizos en calquera das Administracións Públicas en postos de traballo iguais aos que se convocan, 0,30 puntos por mes completo (Máximo 3 puntos).



CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

- b) Por ter prestados servizos en empresas privadas en postos de traballo iguais aos que se convocan, 0,20 puntos por mes completo (Máximo 3 puntos).
- c) Por acreditación de realización de Control e Dirección de obras: máximo 3 puntos.
- d) Por acreditación de redacción de proxectos: máximo 3 puntos.

B. FORMACIÓN. Máximo 10 puntos.

- a) Por ter unha segunda titulación relacionada co posto de traballo: 3 puntos.
- b) Por cursos directamente relacionados coas tarefas a desenvolver: (máximo 3 puntos)
 - Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.
 - Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.
 - Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,40 puntos.
 - Por cursos de 101 a 200 horas de duración: 0,80 puntos.
 - Por cursos de máis de 200 horas de duración: 1,50 puntos.Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados.
- c) Coñecemento do idioma galego:
 - Curso de perfeccionamento ou Celga 4: 2 puntos.
- d) Por máster, postgrado ou similar relacionado directamente co posto de traballo: 2 puntos.

C. Estar en posesión de outros méritos a valorar polo Tribunal relacionados directamente coas funcións do posto de traballo, non valorados nos apartados anteriores: máximo 3 puntos.

2. ENTREVISTA PERSOAL. Máximo 10 puntos.

Será realizada polo órgano de selección a fin de concretar a idoneidade do/a candidato/a para o adecuado desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo ofertado. A entrevista versará sobre os aspectos prácticos dos contidos e funcións do posto e sobre aquelas cuestións que determinen os membros do Tribunal, en relación cas competencias, aptitudes e actitudes para o posto dos candidatos, a criterio ponderado do órgano de selección.

O resultado final do proceso será a suma de todos os méritos anteriores. De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1) Puntuación pola orde dos méritos anteriores.
- 2) Solicitante de maior idade.

NOVENA. Relación de candidatos, presentación de documentos e nomeamento:

Unha vez rematada a cualificación da documentación dos aspirantes, o tribunal fará pública a relación de aspirantes aos postos de traballo, por orde de puntuación, no



CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

taboleiro de edictos do concello, na súa páxina web e na sede electrónica <https://concellopol.sedelectronica.gal>; os aspirante disporán dun prazo de 3 días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, darase traslado ao Presidente da Corporación precisándose que non poderá superar o número de prazas vacantes convocadas.

Os aspirantes propostos achegarán á Administración, dentro do prazo establecido, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria, salvo que estes xa foran presentados anteriormente xunto a documentación de participación.

Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

DÉCIMA. Incidencias

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo no non previsto expresamente nestas bases.

Así mesmo a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

No tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do emprego público, o Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e outra normativa concordante.

O alcalde,

Asdo.: Lino Rodríguez Ónega

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE



CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE 1 ENXEÑEIRO, ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA/OBRAS PÚBLICAS/FORESTAL, ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, ENXEÑEIRO DE MONTES, ENXEÑEIRO AGRÓNOMO, ENXEÑEIRO FORESTAL OU SIMILARES, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE POL AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018 - PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN E ENTREVISTA PERSOAL.

D/^a

provisto/a de D.N.I. nº..... con enderezo en

nº..... piso..... C.Postal..... Localidade.....

Municipio..... Provincia..... Teléfono.....

correo electrónico

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Pol para a contratación laboral temporal (coas cláusulas específicas de obra ou servizo determinado), a xornada completa, de 1 ENXEÑEIRO, ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA/OBRAS PÚBLICAS/FORESTAL, ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, ENXEÑEIRO DE MONTES, ENXEÑEIRO AGRÓNOMO, ENXEÑEIRO FORESTAL OU SIMILARES.

DECLARO:

- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.
- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Que autorizo ao Concello do Pol para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello, e na páxina web, e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos



CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

de selección.

- Solicito ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan e presentando a documentación seguinte (TACHAR O QUE PROCEDA):

- DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- Permiso de conducir
- Título de _____
- Certificación, de ser o caso, acreditativa do grao de discapacidade.
- Declaración responsable segundo o ANEXO II.
- Relación dos méritos que alego para a súa valoración, e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido nas presentes bases.
- CELGA 3
- Informe da vida laboral actualizada.
- Tarxeta de demandante de emprego ou certificación, de ser o caso, expedida polo Servizo Público de Emprego na que se acredite que se atopa en situación de demandante de emprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada.

_____, de _____ de _____

O solicitante,

Asdo: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE POL

En cumprimento coa actual normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, procedemos a informarlle sobre o tratamento dos seus datos persoais.

1.- responsable de tratamento.

O responsable de tratamento dos seus datos persoais é Concello de Pol, con dirección Plaza de Galicia N°1, Mosteiro, 27270 - Pol (Lugo); concello@concellopol.gal.

2.- dpo: O Delegado de Protección de Datos do Concello de Pol é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. c.ó que poderá contactar en concello@concellopol.gal.

3.- finalidade

O acceso á condición de persoal laboral de Concello de Pol efectuarase de conformidade coa OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO, mediante unha convocatoria Pública e a través de calquera sistema contemplado na normativa vixente, sexa concurso, concurso-oposición ou oposición libre, nos que se garantizará, en todo momento, o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

4.- lexitimación

A base legal para o tratamento dos seus datos é o consentimento que nos outorga mediante a firma da solicitude.

5.- destinatarios de cesións

Concello de Pol proporciona un servizo de promoción de emprego, axudando a terceiras empresas e entidades a cubrir os seus procesos de selección. Por favor, marque as casas conforme ao consentimento que queira outorgarnos:

Si, desexo participar en procesos de selección de terceiras empresas e/ou entidades coas que Concello de Pol colabore, polo que consinto que os datos do meu currículo sexan facilitados ás mesmas, coa finalidade única de participar nos seus procesos de selección.

Non, unicamente desexo participar nos procesos de selección de Concello de Pol, polo que non consinto que os datos do meu currículo sexan facilitados a terceiras empresas.

6.- dereitos

Por último, informámoslle dos seus dereitos en materia de protección de datos.

- Dereito a solicitar o acceso aos seus datos persoais.

- Dereito a solicitar a súa rectificación ou supresión.

- Dereito a solicitar a limitación do seu tratamento, e a opoñerse ao tratamento

- Dereito á portabilidade dos datos

Para exercer os seus dereitos non ten máis que realizar unha solicitude por escrito e acompañala dunha copia do seu DNI. 007 - Concello de Pol

rb soluciones * consultores en protección de datos - lopd@rbsoluciones.com

Concello de Pol dispón de formularios adecuados respecto diso. Non ten máis que solicitalos ou ben presentar o seu propio escrito nas dependencias de Concello de Pol Plaza de Galicia N°1, Mosteiro, 27270 - Pol (Lugo); concello@concellopol.gal.



ANEXO II (MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE)

D./^a _____, con DNI núm. _____, e domicilio
para efectos de notificación en

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

PRIMEIRO:

Que reúno os requisitos xerais desta convocatoria:

- a) Ter nacionalidade española. No entanto, teranse en conta os seguintes casos:
 1. A poboación nacional dos demais estados membros da Unión Europea poderá acceder, en idénticas condicións que as persoas de nacionalidade española, á función pública investigadora, docente, de correos, sanitaria de carácter asistencial e aos demais sectores da función pública aos que, segundo o dereito comunitario, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores.
 2. A poboación nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores nos termos en que esta está definida no tratado constitutivo da Unión Europea.
- b) Non estar separada ou separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitada ou inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- c) Ter cumpridos os 18 anos de idade ou ter a idade que a convocatoria estableza como mínima antes de que finalice o prazo de presentación de instancias, e non exceder a idade establecida como máxima para o ingreso.
- d) Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. As persoas que resulten seleccionadas aportarán antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións (a non presentación con levará a perda do posto).
- e) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto regulamentariamente.
- f) Titulación: se exige estar en posesión dun dos seguintes títulos: Enxeñeiro Técnico Agrícola, Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, Enxeñeiro Técnico Forestal, Enxeñeiro de camiños, Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Agrónomo, Enxeñeiro Forestal ou similares.
- g) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.
- h) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de CELGA 3 (ou curso de iniciación nos termos establecidos na disposición adicional 1º da Orde de 16 de xullo de 2007). Non obstante, no caso de non poder acreditar este título, poderase acreditar no segundo exercicio do sistema selectivo.



CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

SEGUNDO. Que reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas bases que rexen o proceso de selección de 1 Enxeñeiro, Enxeñeiro Técnico Agrícola, Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, Enxeñeiro Técnico Forestal, Enxeñeiro de camiños, Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Agrónomo, Enxeñeiro Forestal ou similares.

TERCEIRO. Que declaro coñecer as bases xerais da convocatoria relativas a selección de persoal laboral temporal, categoría 1 Enxeñeiro, Enxeñeiro Técnico Agrícola, Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, Enxeñeiro Técnico Forestal, Enxeñeiro de camiños, Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Agrónomo, Enxeñeiro Forestal ou similares.

_____, ____ de _____ de 20__

O solicitante,

Asdo.: _____